



ACTIVIDADES COLECTIVAS E COMPLEMENTARIAS
CURSO 23/24 ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE
ARTEIXO (EMMA)

Banda de Música

Venres de 16:00 a 18:00 h


A Banda de Música é unha agrupación musical na que participan instrumentos de vento e percusión. O repertorio que se pode traballar vai dende a música popular ata as grandes bandas sonoras de películas. Esta actividade está dirixida para o alumnado de 2º curso de instrumento en diante.



Aula Folk

Mércores de 19:00 a 21:00 h

Aula folk é unha actividade colectiva moi recomendable para instrumentos tradicionais (gaita, acordeón, violín...), e tamén para outros instrumentos de vento e percusión. O repertorio a interpretar nesta formación é sobre todo a música popular galega, tradicional e folklórica. Esta actividade está dirixida para o alumnado de 2º curso de instrumento en diante.



Aula de Música Moderna

Martes de 19:00 a 21:00 h


Aula de música moderna é outra das actividades colectivas inspirada nas bandas de Jazz. Esta agrupación está formada por instrumentos coma a guitarra, o baixo, piano, instrumentos de vento e tamén de percusión e abarca os estilos coma o Jazz, Blues, Rock, e outros. Esta actividade está dirixida para o alumnado de 2º curso de instrumento en diante.



Orquestra

Xoves de 17:00 a 19:00 h

Orquestra é unha actividade colectiva destinada aos instrumentos de corda fretada, (violín, viola, violoncello), piano e instrumentos de percusión. Esta formación traballará un repertorio composto polos grandes compositores clásicos, (Mozart, Beethoven...), pasando tamén por un repertorio máis actual. Esta actividade está dirixida para o alumnado de 2º curso de instrumento en diante.



Aula Pop /Rock

Venres de 18:15 a 20:15 h



Actividade colectiva, que nace coa clara vocación de converterse en agrupacións abertas a outros instrumentos. Coñeceranse a técnica e características da guitarra e baixo eléctrico, coa práctica conxunta con instrumentos de percusión, en diferentes estilos musicais. Esta actividade está dirixida para o alumnado de 2º curso de instrumento en diante.

Coro infantil

Xoves de 18:00 a 19:00 h



Actividade dirixida a nenas e nenos na que se traballará o canto colectivo dende un punto de vista lúdico e ameno, traballando cancións actuais e iniciándose tamén na técnica vocal. (Idades entre 4 e 11 anos).



Coro de persoas adultas

Xoves de 19:00 a 20:00 h



Actividade dirixida á poboación xuvenil e adulta na que se traballará o canto colectivo dende un punto de vista lúdico e ameno, con un repertorio moi variado. (Dende os 12 anos)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Tecnoloxía Musical

Xoves de 19:00 a 20:00 h

Actividade complementaria na que se traballará con programas informáticos de gravación, edición de partituras e edición de vídeo. Pode ser moi útil para aquel alumnado interesado en aprender a gravar ou a facer vídeos, traballando con audios e imaxes. Esta actividade está dirixida para o alumnado de 1º curso de instrumento en diante.



Arteixo

Arteixo / Educación

Contacto:
emmaarteixo@gmail.com
671582787

Prazo de inscrición dende o 11 de Setembro ata o 22 de Setembro.

*Comezo das actividades: 2 de Outubro
Estas actividades son de balde para o alumnado da EMMA.*